

Criterios de calificación e avaliación

Xeografía e Historia - 3º ESO

Avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira)

Ao longo do curso realizaranse **tres sesións de avaliación** antes da avaliación ordinaria, sendo a **nota final a media das tres**. Na calificación destas tres avaliacións parciais **terase en conta**:

- ✓ **A media das notas obtidas nos exames** realizado ó longo da avaliación. O número de probas escritas por cada avaliación poderá variar aínda que comunmente serán dúas. A media da nota obtida nos exames será o **80% da nota total da avaliación**.
Na calificación dos exames valorarase tamén a corrección formal (limpeza, marxes, caligrafías...), a expresión léxica, gramatical e ortográfica (podendo restarse ata 1 punto).
- ✓ **O traballo na aula (participación, tarefas, actividades, proxectos...)** terá unha valoración do **20% da nota total da avaliación** e será rexistrado polo profesorado.

Recuperación

Non haberá exames de recuperación de cada unha das avaliacións en caso de que non se acade o aprobado nelas.

O alumnado que **a final de curso** teña unha avaliación suspensa con tres (3) ou menos e non recuperada nas probas **terá que recuperarla** no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria, pero se unha avaliación está suspensa cun 4 e a media coas outras dúas é de cinco (5) ou máis a materia queda superada, sempre e cando o traballo diario supere o 50% da calificación máxima posible.

ADVERTENCIA: Se un alumno, sen causa debidamente xustificada, non se presenta a un exame, considerarase que declina no seu dereito a ser examinado e será cualificado cun 0. Poderá examinarse da materia cando se faga un novo exame da mesma (recuperación, final ou extraordinaria).

Se o motivo da ausencia a un exame está xustificado de forma oficial, poderá realizalo, se é posible, noutra data ou, se fora preciso, de forma oral por videoconferencia.

Se un alumno, sen causa xustificada, chega tarde a un exame disporá só do tempo que reste para a finalización do mesmo. E se no exame final de xuño ou no da convocatoria extraordinaria non se presenta á hora establecida, non se lle realizará outro.

Se unha alumna ou alumno copia por calquera medio (apuntamentos, chuletas, móbil, reloxo...) ou introduce folios xa escritos nun exame será cualificado cun 0. Poderá repetilo cando corresponda (recuperación ou exame previo á avaliación ordinaria).